

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Pobra do Caramiñal para a asunción por Augas de Galicia da xestión da estación depuradora de augas residuais da Pobra do Caramiñal e da prestación do servizo de depuración.

1. Antecedentes

O 04.07.2000 o Concello da Pobra do Caramiñal solicitou a colaboración técnica e financeira da Administración autonómica para a execución das obras da estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Pobra do Caramiñal de acordo co disposto no entón vixente Decreto 84/1997, do 10 de abril, de colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

Logo da tramitación correspondente, a colaboración foi aprobada por resolución do presidente de Augas de Galicia do 18.07.2000 e autorizada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13.09.2000.

No marco da colaboración acordada, a Administración autonómica licitou e executou o correspondente contrato de obra, de clave OH.315.465. Unha vez rematada a súa execución, as obras foron recibidas en conformidade o 04.03.2005 e postas a disposición do Concello da Pobra do Caramiñal o 17.03.2005 para a súa xestión, conservación e mantemento, de acordo cos termos da colaboración acordada, non obstante, a entidade local nunca chegou a asumir a dita xestión, sendo que o servizo municipal de depuración a través desta infraestrutura vén sendo prestado desde entón pola Administración autonómica.

Con data do 20.09.2021 formalizouse entre ambas administracións un convenio de colaboración a fin de regular os termos da dita xestión por parte de Augas de Galicia, cuxa vixencia rematou o 27.11.2023.

Augas de Galicia vén garantindo a prestación do servizo de depuración desde o remate da vixencia do convenio en tanto non se ultime a tramitación establecida na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (LMXCIA) mediante un contrato de servizo, de clave OH.815.1224, cuxa vixencia rematará o vindeiro 31.07.2025.

Con data do 27.05.2024, no marco do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (LMXCIA), o Concello da Pobra do Caramiñal comunicou a Augas de Galicia a súa vontade de optar por unha xestión autonómica da estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Pobra do Caramiñal, instando a tramitación dun novo convenio de colaboración.

2. Obxectivos que se pretenden



É obxecto do convenio establecer as condicións nas que Augas de Galicia asumirá, en calidade de entidade prestadora de servizos e nos termos establecidos na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a xestión da estación depuradora de augas residuais da Pobra do Caramiñal e dos seus equipos e instalacións.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O servizo de tratamento de augas residuais urbanas é un servizo de competencia municipal, establecida nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos artigos 80.2 l) e 81 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia; e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, nos seus artigos 5 e 27, no reparto de competencias entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas.

O artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados; mentres que o artigo 21 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, establece que Augas de Galicia pode ostentar a calidade de entidade pública prestadora de servizos no ámbito do abastecemento, saneamento e depuración, colaborando coas administracións públicas responsables dos servizos, a fin de garantir a subministración de auga en calidade e cantidade axeitadas e contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas.

Dito o anterior, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito de colaboración e cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo estimado para a explotación da estación depuradora de augas residuais da Pobra do Caramiñal estímase en 665.925,70 euros anuais máis IVE (10%), ao que deben engadirse os custos de subministración eléctrica, que se estiman en 349.583,29 euros (IVE excluído).



Para o financiamento do importe da explotación Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6299 "Outros servizos exteriores" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. Para o financiamento do importe da subministración eléctrica Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6280 "Enerxía eléctrica" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

Se ben a estimación de custos e o seu financiamento son os indicados, cómpre poñer de manifesto que estes gastos se contabilizan e imputan nos correspondentes procedementos de contratación de xestión do servizo público de explotación da depuradora.

Augas de Galicia vén explotando a EDAR de Pobra do Caramiñal, no Concello da Pobra do Caramiñal ao abeiro do contrato de servizo de explotación, conservación e mantemento da estación depuradora de augas residuais da Pobra do Caramiñal. A Pobra do Caramiñal (A Coruña), de clave OH.815.1224, contrato que está prorrogado e cuxa última prórroga finaliza o vindeiro día 31.07.2025.

Para a explotación no futuro da EDAR da Pobra do Caramiñal, Augas de Galicia licitou o contrato servizo de explotación, mantemento e conservación da estación depuradora de augas residuais da Pobra do Caramiñal A Pobra do Caramiñal (A Coruña), de clave AUG-2025-0024, cun prazo de execución de vinte e catro (24) meses, prorrogable ata un máximo de trinta e seis (36) meses, un orzamento base de licitación de 1.628.519,82 euros (incluído IVE) e un valor estimado de 3.547.431,40 euros (excluído IVE).

Os gastos correspondentes á subministración eléctrica da EDAR da Pobra do Caramiñal non están incluídos no importe de licitación porque está prevista a incorporación desta subministración ao contrato centralizado de enerxía eléctrica da rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), sendo comunicada a dita previsión ao órgano xestor da Redexga.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

